

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**ASUNTO: CHAMAMENTO FUNCIONARIO INTERINO PARA CUBRIR TEMPORALMENTE A PRAZA DA ADMINISTRATIVA ADSCRITA A SECRETARÍA, ENCARGADA DE NEGOCIADO DE REXISTRO, INFORMACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁN ATA QUE SE INCORPORA DA BAIXA MÉDICA**

**Nº EXPEDIENTE 2018/G003/001348**

**Nº EXPEDIENTE ORIXE: 2018/X998/000292**

TENDO EN CONTA que se detectou a necesidade urxente e inaprazable de cubrir temporalmente a praza da funcionaria, de carreira dona Ana M<sup>a</sup> Carnota Jarazo, pertencente á Escala de Administración Especial, subescala administrativa, posto de administrativo, encargado do negociado de rexistro, información e atención cidadá do Concello de Oroso, ata que se incorpore da súa baixa médica, e a imposibilidade de suplir a deficiencia temporal co escaso persoal existente no Concello.

LOGO DE VER a Resolución de alcaldía nº 1203/2015 do 30/12/2015 pola que se aproba a bolsa de emprego para cubrir prazas de xeito temporal da escala de Administración Xeral, subescala administrativa, no Concello de Oroso:

APELIDOS E NOME	Nº de orde
LIJÓ RODRIGUEZ BLANCA	1

LOGO DE VER que por Resolución de Alcaldía nº 1279/2018 do 20/11/2018 acordouse proceder ao chamamento de Blanca Lijó Rodríguez, para cubrir, en réxime de interinidade, a praza da funcionaria, de carreira dona Ana M<sup>a</sup> Carnota Jarazo, pertencente á Escala de Administración Especial, subescala administrativa, posto de administrativo, encargado do negociado de rexistro, información e atención cidadá do Concello de Oroso, ata que se incorpore da súa baixa médica.

E DE VER que dona Blanca Lijó Rodríguez manifestou mediante escrito presentado o día 22/11/2018 a renuncia ao chamamento para cubrir, en réxime de interinidade, a praza da funcionaria, de carreira dona Ana M<sup>a</sup> Carnota Jarazo, pertencente á Escala de Administración Especial, subescala administrativa, posto de administrativo, encargado do negociado de rexistro, información e atención cidadá do Concello de Oroso, ata que se incorpore da súa baixa médica.

Tendo en conta que non existen máis integrantes dispoñibles na bolsa de emprego para cubrir prazas de xeito temporal da escala de Administración Xeral, subescala administrativa, no Concello de Oroso aprobada por Resolución de Alcaldía nº 1203/2015 do 30/12/2015.

LOGO DE VER a Resolución de alcaldía nº 855/2018 do 17/08/2018 pola que se acorda aprobar, de conformidade co previsto na base 13<sup>a</sup> das bases de selección que rexerán a convocatoria para a selección dun funcionario interino do Grupo C, subgrupo C1, Escala de Administración Xeral, Subescala de Administrativo para o programa temporal “Oroso Dixital 2018 – 2020”, a creación dunha bolsa de emprego formada pola lista de aspirantes que logo de superar as probas da fase de oposición non obtiveron praza, ordenados de maior a menor puntuación, incluíndose no primeiro posto o aspirante nomeado no presente proceso selectivo e co seguinte contido e orde:

POSICIÓN	NOME	APELIDOS
1 <sup>a</sup>	MANUELA	VARELA NUÑEL
2 <sup>a</sup>	MARÍA	FERNÁNDEZ BOUZAS
3 <sup>a</sup>	ANA	CALVO LÓPEZ
4 <sup>a</sup>	MARIÑA	POSE GARCÍA
5 <sup>a</sup>	ZITA	LÓPEZ TEJEIRO

CONSIDERANDO que pola mesma Resolución de Alcaldía nº 855/2018 do 17/08/2018, Manuela Varela Nuñel foi nomeada funcionaria interina de Administración Local, con carácter temporal para cubrir unha praza do Grupo C, subgrupo C1, Escala de Administración Xeral, Subescala de Administrativo para o programa temporal “Oroso Dixital 2018 – 2020.

CONSIDERANDO que por Resolución de Alcaldía nº 903/2018 do 30/08/2018, María Fernández Bouzas foi nomeada funcionaria interina de Administración Local, con carácter temporal para cubrir unha praza do Grupo C, subgrupo C1, Escala de Administración Xeral, Subescala de Administrativo adscrita ao Departamento de Urbanismo.

TENDO EN CONTA as competencias atribuídas ao alcalde-presidente polo artigo 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e concordantes coa Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, con esta data RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Proceder ao chamamento sucesivo dos seguintes aspirantes por orde de lista da bolsa de emprego aprobada por Resolución de alcaldía nº 855/2018 do 17/08/2018 para cubrir, en réxime de interinidade, a praza da funcionaria de carreira dona Ana M<sup>a</sup> Carnota Jarazo, pertencente á Escala de Administración Especial, subescala administrativa, posto de administrativo, encargado do negociado de rexistro, información e atención cidadá do Concello de Oroso, ata que se incorpore da súa baixa médica., debendo os interesados manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasará ao seguinte da lista se houbera. No caso de manifestar o seleccionado o seu interese, deberá presentar a documentación relacionada na base 11<sup>a</sup>, se non o fixera anteriormente, no prazo indicado na citada base:

POSICIÓN	NOME	APELIDOS
3 <sup>a</sup>	ANA	CALVO LÓPEZ
4 <sup>a</sup>	MARIÑA	POSE GARCÍA
5 <sup>a</sup>	ZITA	LÓPEZ TEIJEIRO

**TERCEIRO.** Publicar este acordo no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Oroso.

En Oroso asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr.Alcalde Manuel Mirás Franqueira, do que eu, Federico Suárez Cancelo, como Secretario, dou fe.”